

## CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SELECCIÓN DE PROXECTO AUDIOVISUAL A FINANCIAR

### PARA A REALIZACIÓN DUN CAPÍTULO AUTOCONCLUSIVO EN FORMATO SITCOM “ASTURIAS E GALICIA CREAN FICCIÓN”

A **Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)** acordou levar a cabo, xunto coa **Radiotelevisión do Principado de Asturias (RTPA)**, unha convocatoria pública para a selección dun proxecto audiovisual pioneiro que supón unha ponte cultural entre Asturias e Galicia a través da ficción televisiva, promovendo a colaboración creativa entre profesionais de ambas comunidades autónomas. Esta convocatoria pretende ser unha semente, e ten a súa base no convenio asinado por ambas entidades con data do 24 de xaneiro de 2025.

A produción do proxecto seleccionado será contratada por RTPA e CRTVG baixo a modalidade de contrato de encargo de produción.

A convocatoria conta coa seguinte misión, visión e valores.

#### Misión

A misión é desenvolver un proxecto audiovisual en formato sitcom, que discorra argumentalmente entre Asturias e Galicia, e que poida servir como experiencia piloto.

#### Visión

Esta convocatoria busca converterse nun modelo de referencia para a colaboración entre ambas radiotelevisións, establecendo un estándar de calidade na produción da ficción televisiva que combine o local coa posibilidade da súa explotación comercial no ámbito internacional. Propiciando un ecosistema creativo que promova o intercambio de coñecementos e talento en ambos territorios.

#### Valores

En relación cos valores, destacamos entre eles, a orixinalidade, a excelencia creativa, o compromiso coa calidade narrativa e técnica, a identidade cultural de ambos territorios, o fomento da aprendizaxe mutua e das experiencias compartidas, a medición do impacto cultural e o retorno social, así como a responsabilidade medioambiental.

Á presente convocatoria destinarase un total de cincuenta mil euros (50.000 € IVA non incluído). Por tanto, a achega de cada televisión será de 25.000 € (IVA non incluído).

En virtude do exposto e para o cumprimento do ditos fins, conforme aos principios de publicidade, libre concorrència e obxectividade, dispónse:

## 1. OBXECTO

É obxecto do presente documento convocar para o ano 2025, en réxime de concorrencia competitiva e con respecto aos principios de publicidade, libre concorrencia e obxectividade, o procedemento para a selección dun proxecto que será contratado por RTPA e CRTVG na modalidade de encargo de produción; así como establecer as bases e requisitos que rexerán a convocatoria e a correspondente adquisición de dereitos.

## 2. PUBLICACIÓN

A presente convocatoria e bases, así como a resolución do procedemento, serán publicadas na páxina web de RTPA, <http://www.rtpa.es>, e CRTVG <https://www.crtvg.es/gl/crtvg/portal-de-transparencia/actividade-corporativa/contratos-e-convenios/contidos-audiovisuais>, sen prexuízo dos medios complementarios de difusión que a radiotelevisión pública estime utilizar.

## 3. RÉXIME E NATUREZA XURÍDICA

A participación directa de RTPA e CRTVG na produción da obra audiovisual obxecto da presente convocatoria realizarase en réxime de Dereito Privado. As relacións xurídicas xurdidas pola formalización do correspondente contrato terán natureza privada e rexeranse polo disposto no Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e as demais disposicións complementarias que resulten de aplicación, así como polas normas de Dereito Privado.

## 4. CONDICIÓN DA OBRA AUDIOVISUAL QUE PODE CONCORRER Á PRESENTE CONVOCATORIA

4.1 Poderá ser obxecto de produción financiada, en réxime de encargo de produción, a realización dunha OBRA AUDIOVISUAL que atenda ás características e temática que se expoñen a continuación:

Realización dun capítulo dunha OBRA AUDIOVISUAL en formato sitcom (de polo menos 30 minutos de duración). A sitcom ou *situation comedy* é un formato de ficción televisiva caracterizado por episodios autoconclusivos de curta duración, que desenvolven situacións humorísticas recorrentes a partir dun conxunto de personaxes e localizacións. O elenco actoral deberá ser de ambos territorios, de forma equilibrada.

### 4.2 REQUISITOS DA PRODUCCIÓN A REALIZAR:

Este conxunto de requisitos ten como obxectivo garantir a produción dunha sitcom de calidade, que reflicta a diversidade cultural e lingüística de Asturias e Galicia, promova valores sociais positivos e cumpra cos estándares técnicos e éticos dunha radiotelevisión pública.

Valorarase especialmente aquelas obras que logren combinar o humor característico da sitcom con mensaxes positivos e construtivos.

### 1. Cualificación por idades:

A obra deberá ser apta para todos os públicos ou, no seu defecto, non recomendada para menores de 7 ou 12 anos.

### 2. Lingua:

A produción deberá levarse a cabo utilizando maioritariamente as linguas propias de Asturias e Galicia, cun mínimo do 80% dos diálogos nestas linguas. Ademais, garantirase un equilibrio no uso de ambas linguas ao longo do capítulo, asegurando que ningunha predomine de maneira significativa sobre a outra.

### 3. Contidos:

Non se fomentarán hábitos nocivos ou non saudables. En particular, non se permitirá o consumo de tabaco, cigarros electrónicos ou alcol cunha graduación superior a 20 graos en pantalla.

A produción utilizará en todo momento unha linguaxe non sexista, evitando o uso do masculino como xenérico.

Evitaranse estereotipos, promovendo unha representación equilibrada e respectuosa das persoas.

Valorarase a vinculación cultural e social do proxecto cos territorios de Asturias e Galicia, tendo presentes os principios e criterios de programación.

### 4. Emprazamento publicitario:

No caso de incluír emprazamento publicitario, este deberá ser aprobado previamente polas cadeas e cumprir coas normativas vixentes en materia de publicidade. Non poderá aparecer ningunha marca ou nome comercial en pantalla en caso contrario.

### 5. Compromiso social e sustentabilidade:

A produción deberá estar comprometida cos criterios de igualdade de oportunidades, fomento da economía local, sustentabilidade ambiental e mobilidade sostible. Valorarase a implementación de prácticas sostibles durante a rodaxe.

### 6. Accesibilidade:

A obra deberá incluír subtítulado (arquivo STL). Valorarase a inclusión de audiodescrición e versión en lingua de signos, co fin de garantir a accesibilidade para persoas con discapacidade visual e/ou auditiva.

## 7. Equipo técnico e artístico:

O elenco actoral principal deberá estar composto por un mínimo de 4 persoas, garantindo unha representación equilibrada de ambas comunidades autónomas.

Valorarase a vinculación e a representación equilibrada do equipo cos territorios de Galicia e Asturias.

Os roles principais (dirección, guiión e produción) deberán ter unha dedicación a tempo completo durante o período de preprodución e produción, salvo casos de forza maior.

O persoal de RTPA e CRTVG non poderá formar parte do equipo técnico e/ou artístico. Así mesmo, deberá respectarse a lexislación referente ás incompatibilidades correspondentes ao sector público.

## 8. Lugar e sistema de gravación:

O lugar de rodaxe deberá estar localizado no territorio de Asturias e/ou Galicia, sendo suficiente con que se desenvolva nun dos dous territorios.

A produción deberá realizarse utilizando un sistema de gravación multicámara, cun mínimo de tres cámaras simultáneas, para garantir a calidade técnica e a dinámica visual propias dunha sitcom.

## 9. Materiais principais, duración e especificacións técnicas:

A obra deberá ter unha duración mínima de 30 minutos.

O formato de entrega deberá cumprir as especificacións técnicas de RTPA e CRTVG.

### Especificacións técnicas CRTVG

#### Formato de vídeo

- Resolución: 1920 x 1080
- Frecuencia de cadros: 50 fs
- Mostraxe: 4:2:2
- Bits de cuantificación: 10
- Encapsulado: MXF OP-1a
- Codec de vídeo: XAVC Long Gop 50
- Taxa binaria: 50 Mbps

#### Formato de audio

- Codificación: PCM lineal. Estéreo ou canles mono.
- Bits por mostra: 24
- Frecuencia de mostraxe: 48 kHz
- Nivel de sonoridade nas pistas de programa (EBU R128): -23.0 LUFs
- Nivel de referencia: -18 dBFS (1 kHz)
- Nivel de pico máximo: -1 dBT

#### Canles de audio:

- Canle 1 L: Programa Versión Galega segundo norma EBU-R128
- Canle 2 R: Programa Versión Galega segundo norma EBU-R128

- Canle 3 L: Programa Versión Galega segundo norma EBU-R128
- Canle 4 R: Programa Versión Galega segundo norma EBU-R128
- Canle 5 L: Banda Internacional (M+E) ou *Stem* de efectos segundo o tipo de programa
- Canle 6 R: Banda Internacional (M+E) ou *Stem* de efectos segundo o tipo de programa
- Canle 7 L: *Stem* de diálogos (inclúe locucións, voces en OFF, entrevistas, etc.)
- Canle 8 R: *Stem* de diálogos (inclúe locucións, voces en OFF, entrevistas, etc.)
- Canle 9 L: *Stem* de músicas
- Canle 10 R: *Stem* de músicas

### Especificacións técnicas RTPA

Formato de vídeo

Ficheiro único XDCAM HD422, 1080 50i ou disco *professional disc*.  
[MPEG2 422P@HL LongGOP, 1080 50i 50 Mbps] encapsulado en MXF-OP1a.

Formato de audio: O audio será PCM 48 kHz 24 bit.

Canles de audio:

- Canle 1: Programa estéreo L
- Canle 2: Programa estéreo R
- Canle 3: Versión orixinal estéreo L
- Canle 4: Versión orixinal estéreo R
- Canle 5: Audiodescrición, ou silencio
- Canle 6: Silencio
- Canle 7: Totais e locución
- Canle 8: Ambiente e efectos

### 10. Materiais adicionais:

**a. Materiais promocionais:** A entrega da obra deberá incluír materiais promocionais que faciliten a súa difusión, tales como:

- O guión completo
- A lista de diálogos
- O dossier de prensa
- Un xogo de fotos promocionais
- Un tráiler para promoción

### **b. Documentación técnica e accesibilidade**

- Un ficheiro XML coa *metadata* ou información básica da produción no modelo normalizado de cada televisión.
- Un *Cue-sheet* coa información detallada das músicas utilizadas na obra.
- Un ficheiro STL co subtítulado para persoas xordas, garantindo a accesibilidade.

### c. Guía de alfabetización audiovisual

Incluirase unha guía de alfabetización audiovisual dirixida á audiencia, con especial atención ás persoas máis novas, que facilite a comprensión e a análise dos contidos da obra. Esta guía terá como obxectivo servir como ferramenta de apoio para a comunidade educativa, abordando temas como o uso do humor na narrativa audiovisual e os valores sociais presentes na obra.

Todos os materiais deberán cumprir coas especificacións técnicas requiridas polas cadeas de televisión.

## 11. Prazos de entrega:

Entrega da versión definitiva do guión: antes do 31 de agosto.

Entrega da obra finalizada: antes do 20 de decembro de 2025.

**Lugar e forma de entrega: RTPA e CRTVG (segundo as indicacións establecidas no apartado 4.2.-9).**

## 12. Orzamento:

- A produción deberá presentar un orzamento detallado que inclúa os custos de preproducción, produción e posprodución. Valorarase a eficiencia no deseño de produción.
- A empresa produtora asumirá a remuneración por todos os conceptos e prestacións que se obriga a achegar para a realización da obra audiovisual, incluída a cesión dos dereitos sobre a idea orixinal, o formato, a obra audiovisual resultante, as retribucións artísticas, musicais, e todos os compromisos e obrigas de calquera outro tipo, sen excepción, que asuma a empresa produtora en virtude do contrato de encargo de produción.
- A convocatoria implica o financiamento do 100 % do custo da produción (polo que a OBRA AUDIOVISUAL non poderá recibir nin ter recibido axuda e/ou subvención pública). En compensación polo prezo pactado, RTPA e CRTVG adquirirán en exclusiva os seguintes dereitos con facultade de cesión a terceiros:
  - a) O dereito a explotar en exclusiva e por tempo ilimitado os dereitos de propiedade industrial derivados da obra audiovisual e de cada un dos elementos característicos que a integran, incluíndo o título e as posibles obras derivadas da mesma para todo o universo. Os dereitos resultantes desta estipulación comprenden calquera desenvolvemento sen excepción, desde obras ou contidos relacionados coa OBRA AUDIOVISUAL en sistemas interactivos e en sistemas en liña (en particular, Internet).
  - b) Os dereitos sobre a idea orixinal e o formato da obra audiovisual, así como o dereito a explotar en exclusiva, sen ningunha limitación de carácter temporal nin xeográfico, a totalidade dos dereitos sobre os mesmos, considerando incluídos dentro deles os dereitos de uso en sentido amplo, reprodución,

distribución, comunicación pública, posta a disposición do público (disposición interactiva) e transformación (tradución, dobraxe, subtitulado e obras derivadas incluídas) en relación con calquera elemento de propiedade intelectual ou industrial da OBRA AUDIOVISUAL

Estes dereitos adquiríronse coa facultade de cesión a terceiros.

c) Os dereitos de explotación sobre a obra audiovisual que se indican a continuación con carácter exclusivo, sen límites temporais ou xeográficos e 1. con facultade de cesión a terceiros.

**1.** Dereito de comunicación pública e posta a disposición do público da obra a través de todas as modalidades de explotación que se coñezan ou poidan coñecerse no futuro. A título meramente enunciativo e non taxativo cítanse: proxección en sala cinematográfica, televisión lineal en aberto e gratuíta, simulcasting, catch up, servizo de videogravación remota (NPVR), Vídeo-On Demand, páxinas web, App, Plataformas OTT (gratúitas ou de pago en calquera modalidade), Plataformas de compartición de contidos, páxinas de redes sociais; e para a súa recepción a través das súas canles de televisión e mediante todo tipo de dispositivos: Smart-TV, STB, televisións con STB integrado, smartphones, tabletas, PC, consolas, reprodutores Blu-ray conectados, ou calquera outro dispositivo que poida ser capaz de prover acceso a servizos de televisión.

**2.** Dereito de reprodución da OBRA, para comunicación pública e a obtención de copias para a súa posterior distribución.

**3.** Dereito de distribución e de explotación videográfica, incluíndo venda, alugueiro, préstamo ou calquera outra fórmula ou modalidade xurídica.

**4.** Dereito de transformación, co alcance necesario para a tradución, dobraxe e subtitulado a calquera idioma, para facer cortes na montaxe da OBRA, para anunciar a emisión da OBRA e/ou promocionar RTPA e CRTVG, así como para a sincronización de imaxes e produción de programas derivados, así como para a inserción de publicidade.

**5.** Dereitos de explotación comercial sobre a OBRA e sobre todos os elementos orixinais e creativos da mesma para a súa explotación secundaria, incluíndo, a título meramente enunciativo, o merchandising, a produción fonográfica, editorial e a comercialización de produtos e servizos a través de terminais ou de Internet.

**6.** Dereitos de explotación publicitaria sobre a OBRA con toda a amplitude admisible, isto é, sen máis restricións que as limitacións imperativamente establecidas por lei.

**7.** Correspóndenlle a RTPA e CRTVG, na súa condición de PRODUCTOR, todos os ingresos que poidan asociarse á obra, así como os dereitos de remuneración que, respecto da OBRA, poidan proceder de entidades de xestión colectiva.

#### 4.3 PRINCIPIOS E CRITERIOS DE PROGRAMACIÓN.

En calquera caso, as obras audiovisuais deberán respectar os principios e criterios de programación de RTPA, que se poden consultar na web de RTPA <https://corporativo.rtpa.es/pdf/20170420-criterios-principios-programacion.pdf>

PRINCIPIOS E CRITERIOS DE PROGRAMACIÓN DO ENTE PÚBLICO DE COMUNICACIÓN DO PRINCIPADO DE ASTURIAS (Aprobados polo Consello de Administración na súa reunión de data 23 de xaneiro de 2006 e informado polo Consello de Comunicación). Así como os correlativos de CRTVG, CRITERIOS REITORES DA DIRECCIÓN EDITORIAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (<https://crtvg.gal/documents/2915657/2918050/CRITERIOSREITORES.pdf/18dce314-ab20-b0ac-8d90-70e5ef71c087?t=1687353471313>).

A produción respectará e cumprirá toda a normativa vixente aplicable, dentro da que se enmarca a actividade audiovisual (normativa laboral, protección de datos, propiedade intelectual, propiedade industrial, dereitos de imaxe, prevención de riscos laborais, así como calquera outra aplicable).

#### 5. IMPORTE MÁXIMO E ORZAMENTO TOTAL DA PRODUCCIÓN

O importe máximo da produción non poderá superar os cincuenta mil euros (50.000 € (IVE non incluído) conforme ao total da achega das partes.

#### 6.- SOLICITANTES

Poderán participar na presente convocatoria as persoas físicas ou xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Ser produtor ou produtora audiovisual independente establecido nun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, na definición dada polo artigo 112 da Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

2.- Ser titular dos dereitos de explotación que serán cedidos a RTPA e CRTVG nos termos indicados no apartado 4.2, no caso de resultar seleccionado o proxecto.

3.- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma do Principado de Asturias e Galicia, así como das obrigas coa Seguridade Social.

No suposto de cotitularidade na produción dunha obra audiovisual, a solicitude de participación na convocatoria deberá ser presentada por todas as persoas cotitulares.

#### 7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

7.1 As solicitudes presentaranse a través da Web de RTPA <http://www.rtpa.es> e da web da CRTVG <http://www.crtvg.gal>

Para a presentación de solicitudes deberán terse en conta os seguintes criterios:

a) Só se admitirá un máximo dunha solicitude por cada produtor audiovisual independente, sexa persoa física ou xurídica; non admitíndose a concorrencia adicional á do solicitante, doutras empresas vinculadas. Entenderase para estes efectos como empresas vinculadas aquelas persoas xurídicas nas que concorran os mesmos socios ou partícipes xa sexa total ou polo menos no 25% do capital



social ou dos fondos propios; ou que pertencen ao mesmo grupo societario, nos termos recollidos no artigo 42 do Código de Comercio; ou respecto das cales exista, xa sexa como matriz ou como filial, unha relación de dominio efectivo, directo ou indirecto.

b) O orzamento deberá incluír os custos laborais e a cesión de dereitos de propiedade intelectual, ou industrial se é o caso. En relación cos custos laborais para a elaboración do orzamento, deberanse ter en conta, en calquera caso, os convenios colectivos que resulten aplicables, así como a normativa laboral vixente.

## 7.2 Documentación a presentar:

**1º. Documentación da empresa.** Ficha de rexistro da proposta e declaración responsable, tanto de estar dada de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) no epígrafe correspondente a empresas de produción audiovisual, como de non estar incurso en prohibicións para contratar co sector público, conforme ao modelo que se incorpora como ANEXO I. No caso de subcontratación, deberá achegarse a declaración responsable da empresa subcontratista, que en ningún caso poderá superar o 50%.

**2º. Dossier do proxecto.** Este dossier incluírá os seguintes anexos (ANEXO II a V):

ANEXO II. ORZAMENTO (segundo o modelo da convocatoria).

O cálculo realizarase sen IVE por partida. O orzamento deberá respectar o convenio colectivo aplicable. O equipo humano e artístico deberá estar contemplado no orzamento. O beneficio industrial da empresa produtora non poderá superar o 10%.

ANEXO III. PLAN DE PRODUCCIÓN

Cronograma de preproducción, produción, posproducción, que inclúa datas de entrega (o cronograma deberá ter en conta as bases da convocatoria).

ANEXO IV. DESCRICIÓN DO PROXECTO

1. Presentación descritiva e motivada do formato sitcom, incluíndo ficha técnica e cualificación por idades. A obra deberá ser apta para todos os públicos ou, no seu defecto, non recomendada para menores de 7 ou 12 anos.
2. *Tagline*. Frase coa que se podería definir o proxecto.
3. Sinopse curta (máximo 4 liñas) e sinopse longa (máximo 30 liñas).
4. Arquitectura narrativa (que incluírá a descrición dos tres actos, así como o desglose coa densidade de momentos humorísticos ou chistes). A cabeceira ou *opening* terá unha duración inferior a 15 segundos.
5. Guión literario e técnico.
6. Biblia de personaxes.
7. Estratexia transmedia do proxecto.
8. Metodoloxía de traballo que inclúa os tempos de preproducción, os ensaios técnicos e actorais, así como as xornadas de gravación e posproducción de imaxe e son (máximo 1 páxina).

9. Liña gráfica, tratamento audiovisual e criterios de realización.

10. Localizacións

11. Dossier das producións anteriores da produtora (máximo 1 páxina)

#### ANEXO V. MEDIOS TÉCNICOS E HUMANOS APORTADOS POLA PRODUTORA

- Relación de equipamento técnico (debe incluír relación detallada, incluíndo a referencia ou o modelo).

- Relación de equipo humano técnico e artístico (debe incluír relación detallada das persoas que conforman o equipo, nome, roles e traxectoria profesional). Máximo 2 páxinas.

O elenco actoral deberá estar composto por un mínimo de 4 persoas, garantindo unha representación equilibrada de ambas comunidades autónomas.

O dossier presentarse en PDF e incluír cada anexo (coa súa numeración e nome). Así mesmo, levará un pé de páxina co nome da produtora e o título da obra en maiúsculas (tamaño de fonte 10). A orientación da páxina do PDF será preferiblemente en horizontal, sen mesturar orientacións de páxinas.

#### 8.- LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN

A solicitude, xunto coa documentación requirida, presentarse a través do rexistro creado ao efecto accesible a través da web de RTPA. A hora e data límite de presentación das solicitudes será **ás 23:59 horas do 30 de abril de 2025.**

Aquelas solicitudes que non sexan presentadas no prazo e lugar indicados serán excluídas.

#### 9.- VALORACIÓN DOS PROXECTOS

9.1.- Para a análise e valoración das solicitudes, constituirase unha Comisión de Valoración coa seguinte composición:

.-A directora de Antena de RTPA, en calidade de presidenta.

.-O director de Contidos de CRTVG, en calidade de vicepresidente, ou a persoa na que delegue.

.-A xefa de Contidos de CRTVG.

.-A xefa de Produción de Programas de RTPA, que actuará como secretaria da Comisión, con voz e voto.

A Comisión de Valoración estará validamente constituída cando se atopen presentes máis da metade dos seus integrantes, de forma presencial ou telemática. Os seus acordos adoptaranse por unanimidade. Por razóns de forza maior, os integrantes da Comisión poderán

delegar a súa presenza na mesma. A Comisión de Valoración poderá asesorarse ou solicitar informes complementarios aos profesionais dos seus respectivos departamentos.

A Comisión poderá solicitar das persoas interesadas cantas aclaracións, información ou documentación complementaria sexan necesarias para a correcta valoración dos proxectos. Así mesmo, poderá establecer sesións de pitching nas que os directores ou directoras ou produtores e produtoras dos proxectos presentados poderán expoñer e defender a súa proposta cun período de tempo máximo preestablecido. A resolución terá lugar, e comunicaráselles ás persoas interesadas, antes do 15 de xullo de 2025, salvo que por causas xustificadas sexa necesario ampliar ese prazo nun mes natural.

**9.2.- Criterios de valoración.** A Comisión de Valoración poderá propoñer a exclusión daquelas solicitudes sobre proxectos cuxa temática ou contido non se correspondan, sexan inadecuados ou contrarios ao obxecto da Convocatoria ou aos principios e criterios de programación de ambas entidades. O resto das solicitudes serán valoradas conforme aos seguintes criterios:

1. Calidade da proposta, presentación descritiva e motivada do proxecto, tratamento audiovisual, criterios de realización, metodoloxía e estratexia transmedia, ata 50 puntos. A Comisión valorará que a memoria do proxecto conteña toda a información solicitada, así como que teña o suficiente desenvolvemento para proceder á súa análise.
2. Calidade do guión literario e técnico, ata 25 puntos. Valorarase o ritmo, os puntos de xiro, a coherencia narrativa.
3. Orixinalidade, arquitectura narrativa, densidade humorística, variedade dos recursos cómicos, ata 25 puntos.
4. Orzamento equilibrado: valorarase a adecuación, coherencia e equilibrio do orzamento, ata 10 puntos. O beneficio industrial non poderá superar o 10% do custo do proxecto. O orzamento deberá ter en conta o estrito cumprimento do Estatuto dos Traballadores, os convenios colectivos e demais normativa que resulte aplicable. Así mesmo, deberá incluír o orzamento por xornada no caso de que a contratación non sexa por unidade mes.
5. Equilibrio do equipo humano vinculado coas comunidades autónomas do Principado de Asturias e Galicia: ata 20 puntos (a súa valoración realizarase conforme ao declarado pola empresa produtora no Anexo I).

Considerarase que teñen vinculación as persoas naturais, residentes ou vinculadas profesionalmente nos territorios mencionados. Entenderase por vinculación profesional aquelas persoas que desenvolveran dous traballos con anterioridade en Asturias e/ou Galicia.

- Se o 100% do equipo está composto de forma equilibrada por persoal vinculado con Asturias e Galicia cunha proporción entre o 40% e 60% entre ambos territorios: 20 puntos
- Se o 100% do equipo está composto por persoal vinculado con Asturias e Galicia, pero non garda a proporción anterior: 15 puntos

- Se entre o 80% e menos do 100% do equipo está composto de forma equilibrada por persoal de Asturias e Galicia cunha proporción entre o 40% e 60% de ambos territorios: 10 puntos
  - Se entre o 80% e menos do 100% do equipo está composto por persoal de Asturias e Galicia, pero non garda a proporción anterior: 5 puntos.
6. Traxectoria profesional das persoas que integran o equipo de dirección e guión: ata 10 puntos.
7. Criterios sociais: ata 20 puntos (a súa valoración realizarase conforme ao declarado pola empresa produtora no Anexo I).
- a) Presenza equilibrada de homes e mulleres nos postos de dirección: 5 puntos. Contar con, polo menos, un 40% de mulleres nos postos de dirección das diferentes categorías profesionais.
  - b) Incorporar ao proxecto, polo menos, unha persoa con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 % recoñecido como tal polo organismo competente: 5 puntos.
  - c) Inclusión dun plan de medidas sostibles, que impliquen a asunción de criterios de sustentabilidade en cada fase da rodaxe: 5 puntos.
  - d) Incorporación de audiodescrición e versión con lingua de signos: 5 puntos.

A Comisión de Valoración elaborará unha proposta de aprobación do proxecto seleccionado, que incluíra a valoración realizada dos proxectos presentados conforme aos criterios anteriormente expostos.

A convocatoria poderá quedar deserta no caso de que a calidade dos proxectos presentados non cumpra os requisitos expostos, ou non alcance como mínimo 25 puntos do apartado primeiro dos criterios de valoración ou ningún deles acade os 50 puntos en total.

### 9.3.- Resolución

Unha vez realizada a valoración, a Comisión elevará á Dirección Xeral de RTPA e ao Consello de Administración de RTPA o informe proposta, así como á Dirección Xeral de CRTVG, no que conste:

- o A clasificación, por orde de puntuación (de maior a menor) dos proxectos presentados.
- o A proposta seleccionada.

Correspóndelle ao Consello de Administración e á Dirección Xeral de RTPA, así como á Dirección Xeral de CRTVG, o exame conxunto da proposta formulada pola Comisión de Valoración e resolver sobre as solicitudes, podendo asumir a proposta elevada desde a Comisión de Valoración ou separarse motivadamente da mesma.

No caso de que non se aprobe a citada proposta por unanimidade, procederá a declararse deserta a convocatoria.

O acordo polo que se resolva a presente convocatoria será ditado pola Dirección Xeral de RTPA e CRTVG, e o Consello de Administración de RTPA, e publicarase nas páxinas web de cada unha delas; comunicaráselles aos solicitantes a través do correo electrónico asignado no rexistro. No referido acordo especificarase o proxecto seleccionado e a relación dos proxectos presentados non seleccionados.

## 10.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS PROXECTOS SELECCIONADOS

A produtora seleccionada disporá dun prazo de tres días naturais para comunicar a súa aceptación e deberá completar, dentro dos dez días naturais seguintes ao da notificación do acordo de financiamento, a documentación seguinte:

A.- Documentos que acrediten a personalidade do solicitante. Se o solicitante fose persoa xurídica, a personalidade acreditarase mediante a presentación da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible segundo a lexislación mercantil aplicable. Se dito requisito non for esixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial.

Para os empresarios individuais e as persoas físicas será obrigatoria a presentación da fotocopia lexitimada notarialmente ou compulsada, do DNI ou do documento que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente. Así como copia do último recibo da alta de autónomos xunto cunha declaración de non terse dado de baixa.

B.- Documentos que acrediten, se é o caso, a representación. Os que soliciten en nome doutro presentarán a escritura, documento ou poder bastante ao efecto que acredite a súa representación e fotocopia lexitimada notarialmente ou compulsada do seu DNI ou do que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.

C.- Acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

1.- Imposto sobre Actividades Económicas: Alta no epígrafe correspondente a empresas de produción audiovisual, referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto, ou ben certificado de situación con respecto a dito imposto emitido pola Axencia Tributaria.

2.- Certificación administrativa expedida pola Axencia Tributaria da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

3.- Certificación administrativa expedida pola Facenda do Principado de Asturias e Galicia.

4.- Certificación administrativa, expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A solicitude que, habendo sido proposta, non acredite dentro do prazo o cumprimento das obrigas requiridas ou non presente a documentación no prazo referido de 3 días, poderá ser descartada.

Neste caso, a Comisión de Selección poderá decidir se destina ou non a contía de financiamento asignada a outros proxectos por orde de cualificación e que cumpran con todas as condicións da presente convocatoria.

## **11.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS**

Unha vez aceptada a proposta pola produtora seleccionada e acreditados os requisitos para poder ser levada a cabo, formalizarase o correspondente contrato de encargo de produción.

O prazo para a formalización destes contratos será dun mes contado desde a finalización do prazo para a presentación da documentación á que fai referencia o apartado anterior.

O transcurso deste prazo sen que chegue a formalizarse o contrato por causas imputables ao solicitante provocará a caducidade da solicitude e a perda dos dereitos que puidesen corresponderlle pola selección da mesma. Do mesmo xeito que no suposto do apartado anterior, neste caso, a Comisión de Selección poderá decidir se destina a contía de financiamento asignada aos proxectos descartados por esta circunstancia para financiar outro proxecto por orde de cualificación e que cumpra con todas as condicións da presente convocatoria.

## **12.- ADQUISICIÓN DE DEREITOS**

Como contraprestación ao importe achegado para a realización das producións audiovisuais, RTPA e CRTVG adquirirán sobre a obra producida a totalidade dos dereitos de explotación, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial correspondentes, tal e como se detalla na estipulación 4.2.

## **13.- PAGO**

A produtora facturará o importe correspondente á achega de cada unha das televisións. RTPA e CRTVG liquidarán cada unha a súa parte aos sesenta (60) días da presentación da correspondente factura e mediante transferencia bancaria á conta designada polo solicitante da seguinte forma:

100% da súa parte á entrega e aceptación da obra, entendendo que esta aceptación se producirá cando a obra estea finalizada e se entreguen os materiais necesarios para ser emitida, así como calquera outra obriga formal establecida no contrato de encargo de produción.

## **14.- OBRIGAS**

As empresas seleccionadas estarán obrigadas:

a) Á presentación da documentación requirida e, en especial, os certificados que acrediten estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Á sinatura dos correspondentes contratos de natureza privada para a cesión dos dereitos de explotación da obra audiovisual nos prazos previstos nas presentes bases.

c) Á realización e entrega das obras antes do 20 de decembro de 2025.

d) Á presentación dunha declaración responsable que inclúa unha memoria xustificativa simplificada dos gastos correspondentes á produción, coa inclusión do número de factura correspondente. Así mesmo, a declaración responsable garantizará que a marxe de beneficio industrial en ningún caso supera o 10%.

e) A todas aquelas outras obrigas que puidesen derivarse da relación contractual que finalmente se concerte, incluídas todas as que puidesen desprenderse do principio de boa fe contractual. En particular, obrígase a despreñar a actividade necesaria encamiñada á correcta e completa finalización do proxecto seleccionado.

### **15.- INCUMPRIMENTO**

No suposto de non realizarse de forma completa o Encargo de Producción, non se procederá ao pago, sen prexuízo, se é o caso, da indemnización por danos e perdas á que puidese haber lugar.

Director Xeral

Director Xeral

**ANEXO I**  
**SOLICITUDE CONVOCATORIA “ASTURIAS E GALICIA CREAM FICCIÓN”**

**TÍTULO DO PROXECTO:****DURACIÓN:**

--	--

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE** (persoa física ou xurídica)

Nome ou razón social:	NIF:

**DATOS REPRESENTANTE**

Nome	Primer Apelido	Segundo Apelido
NIF:	En calidade de:	

**DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS**

Enderezo:	
Municipio, Código Postal e Provincia:	
Nº de teléfono fixo:	Nº de teléfono móbil:
Correo electrónico:	

**ORZAMENTO**

Orzamento total (IVE non incluído)	€
Límite orzamentario: 50.000 (IVE non incluído)	

**EQUIPO HUMANO**

(Indicar o número de persoas en cada caso)

Número total de persoas que conforman o equipo humano Sumatorio de a) + b) + c)	
a) Número de persoas do equipo humano vinculado ao Principado de Asturias	
b) Número de persoas do equipo humano vinculado a Galicia	



c) Número de persoas do equipo humano vinculadas a outros territorios	
<b>CRITERIOS SOCIAIS</b> (marcar se procede en cada un dos casos)	
Contar con, polo menos, un 40% de mulleres nos postos de dirección das diferentes categorías profesionais.	
Se o proxecto incorpora, polo menos, unha persoa con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 % recoñecido como tal polo organismo competente.	
Se o proxecto inclúe un plan de medidas sostibles, que impliquen a asunción de criterios de sustentabilidade en cada fase da rodaxe.	
Incorporación de audio descripción.	
Versión con lingua de signos.	

### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, infórmase sobre o tratamento dos datos de carácter persoal facilitados polos interesados tanto na solicitude como no resto da documentación esixida na convocatoria ou derivada da mesma:

Responsable	Radiotelevisión del Principado de Asturias SA Unipersonal. Camín de las Clarisas, 263 33203 Gijón (Asturias)
Finalidade	Xestión e tramitación do procedemento obxecto da convocatoria e, respecto dos proxectos que obteñan financiamento, da correspondente relación contractual
Lexitimación	Consentimento do interesado, interese público e interese lexítimo.
Destinatarios	Non se ceden datos a terceiros, salvo obriga legal. Serán comunicados á Radiotelevisión do Principado de Asturias SA Unipersonal para levar a cabo os trámites necesarios no desenvolvemento da convocatoria e, se é o caso, execución dos contratos.
Dereitos	Os solicitantes teñen dereito a acceder, rectificar, opoñerse, suprimir os datos, limitar o seu tratamento ou portabilidade dos mesmos, ben por escrito á dirección do responsable do tratamento ou por correo electrónico a <a href="mailto:departamentojuridico@rtpa.es">departamentojuridico@rtpa.es</a> Así mesmo, poden presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos en <a href="http://www.aepd.es">www.aepd.es</a>
Información adicional	Pódese consultar a información adicional detallada sobre a Política de Privacidade de RTPA na páxina web de RTPA ( <a href="http://www.rtpa.es">http://www.rtpa.es</a> ).

Responsable	Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. Bando, San Marcos S/N 15820 Santiago de Compostela (A Coruña)
Finalidade	Xestión e tramitación do procedemento obxecto da convocatoria e, respecto dos proxectos que obteñan financiamento, da correspondente relación contractual
Lexitimación	Consentimento do interesado, interese público e interese lexítimo.
Destinatarios	Non se ceden datos a terceiros, salvo obriga legal. Serán comunicados a Radiotelevisión do Principado de Asturias SA Unipersoal para levar a cabo os trámites necesarios no desenvolvemento da convocatoria e, se é o caso, execución dos contratos
Derechos	Os solicitantes teñen dereito a acceder, rectificar, opoñerse, suprimir os datos, limitar o seu tratamento ou portabilidade dos mesmos, ben por escrito á dirección do responsable do tratamento ou por correo electrónico a <a href="mailto:lopd@crtvg.gal">lopd@crtvg.gal</a> Así mesmo, poden presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos en <a href="http://www.aepd.es">www.aepd.es</a>
Información adicional	Pódese consultar a información adicional detallada sobre a Política de Privacidade de CRTVG na páxina web de CRTVG ( <a href="http://www.crtvg.gal">http://www.crtvg.gal</a> ). 4o

Coa sinatura deste documento de solicitude, presta así mesmo o seu consentimento para o tratamento dos datos de carácter persoal segundo a información recollida.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025

Asinado \_\_\_\_\_



Televisión del  
Principado de Asturias



TELEVISIÓN DE GALICIA

*Sinatura da persoa solicitante ou representante legal*